

**Instituto Galego de Medicina
Técnica, S.A.**

INDICE

1.- OBXECTIVOS

1.1.- Unidades de Alta Tecnoloxía

1.2.- División de Consultoría

1.3.- Radiofísica e Protección Radiolóxica Meixoeiro

1.4.- Unidade Técnica de Protección Radiolóxica

1.5.- Laboratorio Productor de Radiofármacos Emisores de
Positróns

1.6.- Unidade de Resonancia Magnética Móbil

2.- INVESTIMENTOS

3.- FINANCIAMENTO

4.- OPERACIÓNS DE EXPLOTACIÓN

1. OBXECTIVOS

O Instituto Galego de Medicina Técnica (MEDTEC) ten previsto manter a súa liña de cobertura asistencial nos ámbitos que lle corresponden, garantindo a atención dos pacientes co nivel tecnolóxico, de eficacia e de satisfacción esixidos.

Dende o punto de vista das instalacións e o equipamento, Medtec vai a continuar co plan de renovación, pero fundamentalmente vai adicar os seus esforzos a rematar o groso do proceso de renovación, ampliación de capacidade e implementación de novas áreas de actividade comezado no ano 2004, o que permitiu incorporar á súa oferta asistencial, dun xeito rápido, as últimas e máis avanzadas tecnoloxías, mantendo actualizada a súa carteira de servizos. En concreto, os aspectos máis importantes deste proceso son:

- ✓ No hospital do Meixoeiro durante o segundo semestre de 2005 vaise renovar unha sala de hemodinámica. E no primeiro semestre do 2006 poñeranse en marcha a nova resonancia magnética e o novo acelerador lineal trala finalización das obras de adecuación iniciadas no 2005.
- ✓ A mediados de 2005, e en colaboración co CHUVI, entrou en funcionamento a primeira fase, e máis importante, do sistema PACS na área de servizo compartido de diagnóstico por imaxe. No 2006 abordarase a segunda e última fase deste proxecto. Tamén neste ano finalizará a instalación no Xeral Cíes da sala de vascular destinada á mencionada área de servizo compartido.
- ✓ Durante o primeiro semestre do 2006 prevemos que estará operativa unha Unidade de Resonancia Magnética Móbil e unha tomocámara por emisión de positrons (PET). Así mesmo prevese que o Laboratorio Productor de Radiofármacos Emisores de Positróns (Ciclotrón) efectúe ó longo da primeira metade do 2006 todas as probas necesarias para estar en disposición de subministrar ás unidades PET de Galicia no segundo semestre.

De seguido entramos máis polo miúdo nos diferentes ámbitos de actuación do Instituto:

1.1. Unidades de Alta Tecnoloxía

As Unidades de Alta Tecnoloxía dependentes do Instituto están a prestar servizos asistenciais no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e no Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU).

Cirurgía Cardíaca (A.S.C.).- Para o ano 2006 estímase a realización de 764 procesos asistenciais, un nivel de actividade que permitirá dar cobertura ás necesidades asistenciais das súas áreas de influencia. Así mesmo, está previsto consolidar as técnicas iniciadas recentemente, continuar desenvolvendo técnicas de circulación extracorpórea menos agresivas e prevención das arritmias postcirúrxicas na procura dunha mellora da calidade asistencial.

Cardioloxía Intervencionista (A.S.C.).- A seguridade e efectividade das técnicas intervencionistas en hemodinámica seguen a incrementar a súa demanda tanto no eido diagnóstico como fundamentalmente no terapéutico. Deste xeito, para o ano 2006 está prevista incrementar a actividade realizada ata un total de 3.999 procedementos.

Durante o ano 2005 renovouse unha sala de hemodinámica. Para o ano 2006 está previsto a renovación da segunda sala.

Dentro do Plan Estratéxico do CHUVI prevense importantes cambios como o traslado da unidade de Electrofisioloxía cardíaca do Xeral Cíes ó Meixoeiro, que será instalada dentro da área de cardioloxía intervencionista. A dispoñibilidade de telemetría en 8 camas, ampliable a 16, da unidade de hospitalización do Meixoeiro que mellorará a eficiencia dos procesos cardiolóxicos, incrementará a seguridade dos pacientes e permitirá diminuír a presión asistencial sobre as camas de críticos do hospital.

A Unidade de Cardiología Intervencionista seguirá incrementando a colocación de stens farmacoactivos de acordo coa evolución do coñecemento da especialidade na actualidade.

Oncoloxía Radioterápica.- As técnicas radioterapéuticas de tratamento do cancro seguen a experimentar unha crecente demanda tanto pola súa seguridade e efectividade, como polo desenvolvemento do ámbito oncolóxico xeral, tanto diagnóstico como terapéutico.

A unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital Meixoeiro leva a cabo un importante volume de actividade, como consecuencia dunha crecente demanda neste eido asistencial, demanda á que responde cunha ampla gama de opcións de tratamento nos ámbitos da teleterapia, braquiterapia de alta taxa e radiocirurxía estereotáxica.

No período 2006 o cuarto acelerador lineal estará en pleno funcionamento o que permitirá responder á demanda asistencial actual e iniciar a aplicación de novas técnicas tendentes a tratar os tumores cos mínimos danos para o tecido san que circunda as áreas afectadas.

Está previsto manter a oferta de técnicas de braquiterapia de alta taxa, así como aplicar técnicas de modulación de intensidade de dose no caso da teleterapia.

Diagnóstico por Imaxe (A.S.C.).- A actividade desta unidade experimentou unha evolución importante nos últimos anos, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo. A crecente complexidade das exploracións abordadas establece novos retos e a esixencia de mellorar a dispoñibilidade de técnicas, con especial significación das cardiolóxicas, que requiren equipos de alto campo para manter o nivel de calidade acadado. A principios do 2006 entrará en funcionamento no hospital do Meixoeiro unha nova resonancia de alto campo equipada co último software para estudos cardiolóxicos e potenciaranse os estudos funcionais e con espectroscopía.

Medicina Nuclear de Vigo e Ourense (A.S.C.).- As Unidades de Medicina Nuclear de Vigo e Ourense, dan cumprida resposta ás demandas diagnósticas e terapéuticas das poboacións de referencia, cun elevado grao de eficiencia e calidade.

No ano 2006 está previsto que entre en funcionamento na unidade de Medicina Nuclear de Vigo dun PET-CT o que permitirá completar todo o rango do diagnóstico por imaxe en Medicina Nuclear. A Tomografía por Emisión de Positróns (PET) con FDG (18F-Fluordesoxiglucosa) é unha técnica diagnóstica que mellora a detección temperán de patoloxías cancerixenas de pulmón, mama e colon, así como a avaliación do dano cerebral. O PET é unha técnica en pleno desenvolvemento que experimentará un importante crecemento da súa demanda nos vindeiros anos; permitindo revisar o enfoque dos tratamentos oncolóxicos actuais.

PREVISIÓN DE ACTIVIDADE 2006

<i>Cirurgía Cardíaca</i>	764 Procesos
<i>Cardioloxía Intervencionista</i>	3.999 Procedementos
<i>Oncoloxía Radioterápica</i>	1.715 Tratamentos teleterapia 258 Tratamentos braquiterapia 88 Tratamentos radiocirurgía estereotáxica
<i>Diagnóstico por Imaxe</i>	13.354 Resonancias
<i>Medicina Nuclear</i>	12.817 Procesos

1.2. División de Consultoría

A división de Consultoría manterá no ano 2006 as súas liñas de traballo no eido do asesoramento na compra de equipamento de alta tecnoloxía, planificación técnica de investimentos, dotación completa de hospitais, deseños de instalacións, auditorías de organización e plans funcionais de servizos, entre outras actuacións.

Ademais colabora estreitamente coas outras áreas do Instituto na posta en marcha de plans de calidade e na construción e posta en marcha do Ciclotrón.

1.3. Radiofísica e Protección Radiolóxica do Hospital do Meixoeiro

O Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica do Hospital do Meixoeiro, manterá as súas liñas de actividade habituais en consonancia co desenvolvemento das novas técnicas de radiofísica. E continuará coa liña de colaboración iniciada no ano 2004 apoiando ao Hospital de São João de Oporto.

No presente ano este servizo terá un relevante papel na posta en marcha e aplicación clínica do novo acelerador lineal, do PET-CT.

1.4. Unidade Técnica de Protección Radiolóxica

A Unidade Técnica de Protección Radiolóxica é outra das divisións profesionais do Instituto que ten encomendadas, xunto cos controis de calidade da meirande parte das instalacións de radiodiagnóstico da sanidade pública de Galicia, labores de carácter formativo e asesor. No ano 2006 a Unidade seguirá a participar activamente no desenvolvemento do Programa de Garantía de Calidade dos hospitais galegos, co que se quere asegurar a protección das persoas que traballan con radiacións ionizantes, a dos pacientes e a do público en xeral.

Proseguirá cás actividades que tamén comezou no 2005 en Portugal.

1.5. Laboratorio Productor de Radiofármacos Emisores de Positróns

O 2004 foi o ano de comezo dun proxecto de importancia estratéxica para Galicia, o Laboratorio Productor de Radiofármacos Emisores de Positróns (Ciclotrón), que está previsto dentro do "Plan Estratéxico para a implantación da Tomografía por emisión de positróns en Galicia (PET). A finais do 2005 remataranse as obras do devandito laboratorio, instalado no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS). E dentro do ano 2006 o Ciclotrón contará con tódalas autorizacións necesarias para servir regularmente as necesidades presentes e futuras das unidades PET de Galicia.

Xunto co obxectivo de producir e subministrar isótopos para exploracións clínicas con PET, a devandita instalación terá unha importante orientación de investigación científica, que se desenvolverá en colaboración co Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e coa Universidade de Santiago de Compostela.

1.6. Unidade de Resonancia Magnética Móbil

Para o primeiro semestre do ano 2006 está prevista a posta en marcha dunha nova actividade para o Instituto, unha Unidade de Resonancia Magnética Móbil, que dará servizo ós centros hospitalarios que non dispoñan de dita tecnoloxía, Burela, O Barco, Monforte, O Salnés, Barbanza, Cee y Verín. Tamén como unidade de apoio temporal ós centros que dispoñendo de esta requiran dos seus servizos ante un incremento de demanda ou no caso de paradas dos seus equipos fixos. Esta unidade supón unha mellora da flexibilidade, da calidade asistencial ó incorporar nova tecnoloxía a un maior número de centros, é unha solución custo / beneficio óptima fronte ás RM fixas, libera listas de espera nos hospitais de referencia, permite a mellora do coñecemento dos profesionais de radioloxía de ditas áreas sanitarias e necesariamente aporta vantaxes sociais para os doentes ó diminuír ou eliminar os seus desprazamentos ós hospitais de referencia.

2. INVESTIMENTOS

Como xa se dixo con anterioridade, durante o ano 2006 vamos a finalizar con esta etapa de renovación e ampliación das instalacións actuais, así como a posta en funcionamento das novas actividades: unha Unidade PET , o Laboratorio do Produción de Radiofármacos para Unidades PET e a Unidade de Resonancia Magnética Móbil.

O proxecto de investimentos para o 2006 ascende a 2.843.060 euros, o que representa un 10,2 % dos ingresos estimados para este ano, entre os que cabe salientar:

- ✓ Renovación dunha segunda sala de hemodinámica.
- ✓ Actualización dun acelerador lineal e adquisición de micromultiláminas.
- ✓ Traslado de área de dirección y administración situadas no Hospital do Meixoeiro ó Rebullón.

A actualización dun dos aceleradores lineais responde ó plan de actualización tecnolóxica, que por utilización intensiva e obsolescencia técnica require manter e mellorar a capacidade de atención ós pacientes.

A sala de hemodinámica multidisciplinar permitirá tanto responder á demanda prevista como practicar outro tipo de procedementos invasivos cardiovasculares novos que non é posible realizar nas instalacións actuais.

3. FINANCIAMENTO

Para acometer o proxecto de investimentos utilizaremos por unha banda recursos propios xerados pola actividade desenvolvida polo Instituto, e por outra recursos alleos formalizados nuns casos como arrendamentos financeiros.

4. OPERACIÓNS DE EXPLOTACIÓN

4.1.- Ingresos

Tendo en conta a demanda prevista, estímase uns ingresos para o ano 2006 de 27.888 millóns de euros:

- | | |
|---|------------------|
| ✓ Subvención a explotación: | 23.368 mil Euros |
| ✓ Radiofísica e Protección Radiolóxica: | 387 mil Euros |
| ✓ Outros ingresos: | 4.133 mil Euros |

4.2.- Gastos

Para acadar os obxectivos de actividade, amortizacións e contención das listas de espera estímase uns gastos de 27.888 millóns de euros. As partidas principais son as seguintes:

- Gasto en aprovisionamentos de 12.538 miles de euros, o que supón un 44,95 % do gasto total. Cabe destacar que unha parte deste gasto, corresponde ós materiais e servizos asistenciais recibidos dos hospitais nos que se atopan ubicadas as Unidades.
- O gasto de persoal ascende a 10.908 miles de euros, o que representa o 39,11 % do gasto total do Instituto.

4.3. Amortización

O gasto por amortizacións ascende a 2,54 millóns de euros dos que 661 mil corresponden ó inmovilizado inmaterial, e os restantes a inmovilizado material.

4.4.- Servizos exteriores

Neste concepto engádense servizos non asistenciais recibidos dos hospitais nos que se atopan emprazadas as Unidades e outros concertados con empresas ou particulares alleos ó Instituto, que supoñen un 6,53 % do gasto total.

4.5.- Gastos Financeiros

A previsión de gastos financeiros é de 78 mil euros orixinados polos arrendamentos financeiros contratados polo Instituto e outro financiamento alleo.

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.

Miles de euros

	DEBE	HABER
REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS		
APROVISIONAMENTOS	12.538	
GASTOS DE PERSOAL	10.908	
Soldos e salarios	8.711	
Seguridade Social a cargo da empresa	2.091	
Indemnizacións	0	
Contribucións a sist. complementarios de pensións	0	
Outros	106	
AMORTIZACIÓNS	2.544	
Do inmovilizado material	1.918	
Do inmovilizado inmaterial	626	
De gastos de establecemento	0	
VARIACIÓNS DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO	0	
VARIACIÓNS DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO	0	
Variación das provisións de existencias	0	
Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables	0	
Variacións outras provisións de tráfico	0	
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	1.820	
Servicios exteriores	1.814	
Impostos sobre beneficios	0	
Outros tributos	6	
Outros gastos de xestión corrente	0	
Dotación ó fondo de reversión	0	
GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS	78	
De obrigas e bonos	0	
De préstamos e créditos	78	
Por descontos de efectos comerciais	0	
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais	0	
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes	0	
Outros	0	
Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados	0	
VARIACIÓNS PROV. INVEST. FINANCEIROS	0	
A longo prazo	0	
A curto prazo	0	
SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0	
GASTOS ORDINARIOS	27.888	
BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
RESULTADOS NETOS DE SUBVENCÍONS	-23.368	
+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
+SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0	
-SUBVENCÍONS Á EXPLOTACION	23.368	
-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
AUMENTO DAS EXISTENCIAS		
VENDAS NETAS		4.520
Vendas nacionais		4.520
Exportacións		0
Prestación de servicios		0
INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN		0
Alugueiros		0
Outros		0
INGRESOS FINANCEIROS E ASIMILADOS		0
Dividendos		0
Xuros		0
Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais		0
Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes		0
Outros		0
Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados		0
SUBVENCÍONS A EXPLOTACIÓN		23.368
Da Comunidade Autónoma		23.368
Doutros Entes Públicos (con detalle)		0
Doutros (especificar)		0
TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO		0
INGRESOS ORDINARIOS		27.888
PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS		0

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
ORZAMENTO DE CAPITAL		
SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.		Miles de euros
	ORIXE DE FONDOS	APLICACIÓN DE FONDOS
RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	2.544	0
Cash-flow actividades ordinarias	2.544	0
Amortizacións	2.544	0
Provisións netas de explotación (debe-haber)	0	0
Gastos e ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados	0	0
Resultado ordinario antes de subvencións	-23.368	0
Subvencións netas á explotación	23.368	0
Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber)	0	0
Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber)	0	0
Gastos e ingresos extraordinarios	0	0
APORTACIÓNS DE CAPITAL	0	0
Da Comunidade Autónoma	0	0
Doutros entes públicos	0	0
De sociedades públicas	0	0
Doutros (especificar)	0	0
SUBVENCIONS DE CAPITAL	0	0
Da Comunidade Autónoma	0	0
Doutros entes públicos	0	0
Doutros (especificar)	0	0
OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO	1.782	0
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	0
Préstamos doutros entes públicos	0	0
Crédito oficial	0	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	1.782	0
Préstamos de empresas do grupo	0	0
Préstamos de empresas asociadas	0	0
Préstamos doutras empresas	0	0
Acredores a longo prazo das Administracións públicas	0	0
Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas	0	0
ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO	0	0
Inmobilizado material	0	0
Inmobilizado inmaterial	0	0
Alleamento inmovilizado financeiro	0	0
Empresas do grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS	0	0
CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIONES FINANCIERAS	0	0
Empresas do grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
TOTAL ORIXES	4.326	0
DIMINUCCIÓN CAPITAL CIRCULANTE	0	0
PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	0	0
ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS	0	0
GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS	0	0
Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital	0	0
Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos	0	0
ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO	2.843	2.843
Inmobilizado material	1.061	1.061
Terreos e construcións	0	0
Instalacións técnicas e maquinaria	552	552
Outras instalacións, utensilios e mobiliario	30	30
Anticipos e inmovilizacións materiais en curso	0	0
Outro inmovilizado material	479	479
Inmobilizado inmaterial	1.782	1.782
Gastos de investigación e desenvolvemento	0	0
Propiedade industrial	0	0
Fondo de comercio, dereitos de traspaso	0	0
Outro inmovilizado inmaterial (especificar)	1.782	1.782
Inmobilizado financeiro	0	0
Empresas do Grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS	0	0
REDUCCIÓN DE CAPITAL	0	0
DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS	0	0
A Comunidade Autónoma	0	0
A outros entes públicos	0	0
A sociedades públicas	0	0
A outras (especificar)	0	0
CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA	602	602
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	0
Préstamos doutros entes públicos	0	0
Crédito oficial	0	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	602	602
Préstamos de empresas do grupo	0	0
Préstamos de empresas asociadas	0	0
Doutros débedas	0	0
De provedores de inmovilizado e outros	0	0
TOTAL APLICACIÓNS	3.445	3.445
AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE	881	881

VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA	
-Aumento das existencias	0
-Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos	0
-Aumento debedores excepto Admóns.públicas	-15
-Aumento debedores das Admóns.públicas	12
-Aumento contas financeiras	1.149
-Aumento axuste pola periodificación de activos	0
(ACTIVO CIRCULANTE	1.146
-Redución das existencias	0
-Aumento acred. curto prazo excepto Admóns.públicas	340
-Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas	-75
-Aumento axuste pola periodificación de pasivos	0
∇ PASIVO CIRCULANTE	265
VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA	881

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006
BALANCE DE SITUACIÓN
SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A. Miles de euros

ACTIVO	2.004	2.005	2.006	(8M 06/05)
Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos	0	0	0	
Gastos de establecemento	0	0	0	
Inmobilizado inmaterial neto	2.188	1.397	2.553	
Inmobilizado material neto	1.844	7.778	6.921	
Provisións do immobilizado non financeiro	0	0	0	
Inmobilizado financeiro neto	8	0	0	
Accións propias	0	0	0	
Gastos para distribuir en varios exercicios	140	0	0	
Accionistas por desembolsos esixidos	0	0	0	
Existencias	272	420	420	
Debedores ordinarios	2.430	2.100	2.085	-15
Debedores administracións públicas	50	70	82	12
Contas financeiras	4.104	5.927	7.076	1.149
Axustes por periodificación	76	25	25	
TOTAL ACTIVO	11.112	17.717	19.162	

PASIVO	2.004	2.005	2.006	(8M 06/05)
Fondos propios	2.949	3.049	3.049	
Subvencións en capital	0	0	0	
Diferencias positivas de cambio	0	0	0	
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0	
Provisións para riscos e gastos	1.475	0	0	
Acredores a longo prazo	1.827	9.678	10.858	
Acredores a curto prazo, ordinarios	4.398	4.450	4.790	340
Acredores a corto prazo, administracións públicas	463	540	465	-75
Provisións para operacións de tráfico	0	0	0	0
Axustes por periodificación	0	0	0	
TOTAL PASIVO	11.112	17.717	19.162	

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
CADRO DE FINANCIAMENTO		
SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.	Miles de euros	

	2.004	2.005	2.006
Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)	-21.520	-21.234	-20.824
Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS	-1.006	-342	-268
Existencias	6	148	0
Debedores excepto Administracións Públicas	-70	-330	-15
Axustes pola periodificación de activos	14	-51	0
Accionistas polos desembolsos esixidos	0	0	0
Debedores das administracións públicas	44	20	12
Acredores de administracións públicas	42	-77	75
Acredores excepto administracións públicas	-1.042	-52	-340
Axustes por periodificación pasivos	0	0	0
Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIONS	-20.514	-20.892	-20.556
Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS	23.908	24.096	25.150
Contribucións de capital	0	0	0
Subvencións en capital	0	0	0
Subvencións á explotación	20.476	21.959	23.368
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0
Financiamento alleo a longo prazo	3.432	2.137	1.782
Alleamento de inmovilizado	0	0	0
Alleamento de accións propias	0	0	0
Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizacións financeiras	0	0	0
Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS	3.394	3.204	4.594
Menos : DOTACIONS	-1.739	-1.381	-3.445
Accionistas por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento e formalización de debedas	0	0	0
Inmovilizado material	1.268	706	1.061
Inmovilizado inmaterial	2	150	1.782
Inmovilizado financeiro	0	0	0
Adquisición de accións propias	0	0	0
Redución de capital	0	0	0
Dividendos e outros repartos de beneficios	0	0	0
Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo	469	525	602
Provisións para riscos e gastos	0	0	0
Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS	1.655	1.823	1.149
Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)	2.449	4.104	5.927
Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)	4.104	5.927	7.076

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006	
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	
SOCIEDADE: INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA, S.A.	Miles de euros

	2.004	2.005	2.006
Vendas Netas, prestación de servicios e outros ingresos de explotación	2.529	2.238	4.520
Máis : Variación de existencias de productos terminados e en curso	1	0	0
Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado	0	0	0
Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN	2.530	2.238	4.520
Menos : Aprovisionamentos	11.007	11.730	12.538
Menos : Gastos externos e de explotación	1.270	1.600	1.820
Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA	-9.748	-11.092	-9.838
Menos : Outros gastos	0	0	0
Menos : Gastos de persoal	8.968	9.900	10.908
Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN	-18.716	-20.992	-20.746
Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado	897	856	2.544
Menos : Dotacións ó fondo de reversión	0	0	0
Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisións de Tráfico	-651		0
Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN	-18.962	-21.848	-23.290
Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuir imputados	88	62	0
Menos : Gastos financeiros	63	48	78
Menos : Dotacións para amortizacións e provisións financeiras	37	0	0
Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS	-18.974	-21.834	-23.368
Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais	-815	0	
Menos : Variación das Provisións do inmovilizado		0	0
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIÓNS	-19.789	-21.834	-23.368
Máis : Subvencións netas á explotación	20.476	21.960	23.368
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	687	126	0
Menos : Impostos sobre sociedades e outros	10	26	0
Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)	677	100	0

O.K.

